Concello
**As Neves**

JOSE MANUEL ALFONSO GONZALEZ (1 para 1)
Alcalde Presidente
Data de Sinatura: 27/08/2024
HASH: c460452a9047c8ec1c52f847e4ca2b59

**Expediente núm.:** 1001/2024

**Procedemento:** Contrato de subministro de vehículo retroescavadora mixta de segunda mán.

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Á vista dos seguintes antecedentes:

| Expediente | Procedemento | Resolución | Data |
|---|---|---|---|
| 139/2024 | Subvención da -Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporteao abeiro da Orde 28 de decembro de 2023, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D). | Concesión de 32.524,60 euros | 7 de xuño de 2024 |

DECRETO
Número: 2024-0311 Data: 27/08/2024

Sendo necesaria a realización de subministro dun vehículo retroescavadora mixta de segunda man para a realización de actuacións relacionadas coa protección e acondicionamento do espazo natural, cun orzamento total de 32.524,60€ (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE: 5.644,77€ e o presuposto sen IVE a 26.879,83€.

Visto que o proxecto financiarase nun 100% (IVE engadido) en virtude da subvención concedida pola Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 17, do 24 de xaneiro) pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024.

Á vista das características e do importe do contrato proponse a adxudicación mediante procedemento aberto súper simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Á vista dos anterior,

Cod. Validación: 7ERNKCHMLTNG29DFTWM2QK4ZM
Corrección: https://concelloasneves.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante procedemento aberto súper simplificado.

**SEGUNDO.** Xustificar a celebración do contrato polos motivos indicados na parte expositiva mediante a elaboración da correspondente Memoria Xustificativa que debe incorporarse ao expediente.

**TERCEIRO.** Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO.** Que, por Secretaría, se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**QUINTO.** Que, pola Intervención municipal, se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

DECRETO
Número: 2024-0311 Data: 27/08/2024
Cod. Validación: 7ERNKCHMLTNG29DFTWM2QK4ZM
Corrección: https://concelloasneves.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2